

MEMORIA FUNCIONAL DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

A relación de postos de traballo vixente do Fondo Galego de Garantía Agraria (no sucesivo Fogga) é a aprobada polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de agosto de 2022 e publicada por resolución do 5 de agosto de 2022 no DOG núm 153, do 11 de agosto de 2022.

O Decreto 7/2014, de 16 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria (DOG núm 18, do 28 de xaneiro de 2014) establece no artigo 30 dos ditos estatutos as funcións do servizo de apoio ao sector lácteo e mercados agrícolas e configura este posto baixo a dependencia directa da subdirección xeral de xestión da PAC coas funcións de "análise e seguimento das problemáticas do sector lácteo e dos prezos do leite, implementación da xestión técnico-económica nas explotacións leiteiras para análise dos custos de produción e a xestión e seguimento dos axentes integrantes do sector"; a xestión das "operacións relacionadas cos produtos en réxime de intervención, así como outras medidas derivadas da aplicación da organización común de mercados agrícolas". Ademais se adscriben a este servizo as funcións establecidas no Decreto 61/2007, do 22 de marzo, do Observatorio do Sector Lácteo.

A presente modificación puntual da relación de postos de traballo do FOGGA ten por finalidade a adecuación da configuración da praza de "Xefatura de Servizo Sector Lácteo e Mercados Agrícolas" ás funcións que debe desenvolver a persoa que ocupe ese posto e que esta condicionado polas necesidades específicas deste posto derivadas principalmente do novo reparto competencial tras a nova estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural coa creación da nova Dirección Xeral da PAC e a Cadea Alimentaria e, tamén, polo feito da nova PAC para o período 2028-2034 que nos esixe que este servizo asuma outra serie de funcións vinculadas á implementación desa nova PAC, que suporá cambios substanciais tanto nas liñas de axudas como dos obxectivos que se propoñen, o cal requirirá que o FOGGA reconfigure o sistema de dotación de dito posto abrindo a corpos xerais, toda vez que se tratará de xestión de fondos europeos, normativa a aplicar, procedementos a implementar....

Conforme ao Decreto 148/2024, do 20 de maio, polo que se modifica o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, créase unha nova Dirección Xeral na Consellería, a Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria. Dentro desta e baixo a súa dependencia crease a Subdirección Xeral de Coordinación da PAC, da Cadea e Calidade Alimentaria, correspondéndolle a esta o exercicio das seguintes funcións:

- A adopción de medidas para a consecución dun maior equilibrio e transparencia nas relacións comerciais entre as diferentes persoas operadoras da cadea alimentaria e o fortalecemento do sector produtor e a potenciación das actividades das organizacións interprofesionais, de forma que se materialicen nuns prezos xustos que sempre cubran os custos de produción.
- A adopción de medidas para a garantía da unidade de mercado para a mellora da competitividade da cadea alimentaria.
- A elaboración e mantemento dun observatorio de prezos e de custos de produción e o desenvolvemento da coordinación e, en particular, o exercicio de actividades para un axeitado funcionamento do Observatorio do Sector Lácteo e a análise e seguimento das problemáticas do sector lácteo e dos prezos do leite.

Como consecuencia da asunción por parte doutras unidades administrativas de gran parte das competencias do servizo de apoio ao sector lácteo e aos mercados agrícolas relativas ao apoio ao sector lácteo, as súas funcións principais céntranse na xestión do programa de axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros

Servizo de Xestión Administrativa
Rúa dos Irmandiños, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tel: +34 981 546 26982
mediorural.fogga@xunta.es
fogga.xunta.gal





escolares (códigos de procedemento MR265B e MR265C). Así mesmo, inclúense as medidas permanentes para a intervención de mercados respecto aos almacenamentos públicos e privados ou as que se poidan implementar en épocas de crise como foi recentemente a xestión das subvencións destinadas á destilación voluntaria de viño en situacións de crise (código de procedemento MR446B), así como a tramitación das prórrogas das destilerías autorizadas.

Tamén corresponde a xestión das seguintes declaracións obrigatorias no sector vitivinícola:

- Declaración de colleita de uva (códigos de procedemento MR441B e MR441C).
- Declaración de eliminación de subprodutos obtidos na transformación vinícola (código de procedemento MR441D).
- Declaración do destino das producións de plantacións ilegais (código de procedemento MR441G).
- Declaración de produción: persoas provedoras e xustificantes de compravenda de produtos (código de procedemento MR441E).

Finalmente, realízase o control da distribución gratuíta de produtos retirados do mercado no sector das froitas.

Polo tanto, este servizo está orientado tanto a unha función de carácter técnico vencellada ao PEPAC 2023/2027 que fundamenta que a actual RPT este aberta aos corpos especiais da administración autonómica, como a unha función de carácter administrativo como é a xestión de programas de axudas e subvencións así como as novas funcións asociadas á implementación progresiva da nova PAC para o período 2028-2034 que xustifica a proposta da modificación puntual da RPT, debendo abrirse esta praza á administración xeral polo carácter mixto das súas funcións. Consecuentemente, enténdense que ao abrir a cobertura da praza aos corpos xerais débese eliminar a adscrición indistinta entre funcionarios da Xunta de Galicia, do estado e das Comunidades Autónomas e limitar a súa adscrición, exclusivamente, a funcionarios da Xunta de Galicia.

O 26/02/2026 se solicitou da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio o informe preceptivo para continuar coa tramitación da modificación do RPT.

O 16/03/2026 o director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio require a subsanación da proposta de modificación da RPT do Fogga. O requirimento de subsanación ven motivado pola necesidade de revisar a configuración do posto. Neste sentido, a memoria funcional contempla a apertura do posto á Administración xeral/especial, tratándose dun posto provisto mediante concurso específico. Porén, os postos provistos por concurso ou concurso específico deben figurar adscritos ben á Administración xeral ou ben á Administración especial, en función do seu contido funcional.

De conformidade coa motivación da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio fórmulase a seguinte **PROPOSTA de modificación da RPT do Fogga:**

O posto con código MR.O13.00.000.15770.056, denominación XEFATURA SERVIZO SECTOR LÁCTEO E MERCADOS AGRÍCOLAS modifícase nos seguintes termos:

1. Tipo de corpo da administración ao que se abre o posto: pasa de Administración especial a Administración xeral.
2. Adscrición da praza: Se transforme dunha adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, do Estado e das Comunidades Autónomas, (código A11), a unha adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia, (código AXG).

A presente proposta carece de contido económico.

O director do Fogga (asinado electronicamente na data)
Juan José Cerviño Varela.

